
- Con ***will*** e ***be going to*** adoitan empregarse as seguintes **expresións temporais**: ***later*** (máis tarde), ***soon*** (axiña), ***in an hour*** (dentro dunha hora), ***tomorrow*** (mañá), ***next year*** (o ano vindeiro), ***in the future*** (no futuro), ***in*** + un ano, etc. Todas poden ir ao comezo ou ao final da frase, mais adoitan poñerse ao final.

  ***In the future**, more people **will live** in the city.*
  (No futuro, máis xente vivirá na cidade.)

  *I**'m going to see** Michael **later**.*
  (Vou ver a Michael máis tarde.)

O PRIMEIRO CONDICIONAL

Emprégase para falar de accións que ocorrerán se se cumpre a condición sinalada.

- **Afirmativa**: a condición (oración subordinada) exprésase con ***if*** + *Present Simple*, e o resultado (oración principal), adoita ir en futuro con ***will***.

  *I **will stay** home **if** I **don't finish** my homework.*
  (Ficarei na casa se non remato os deberes.)

  Se a condición vai primeiro, ponse unha vírgula entre a oración principal e a subordinada.

  ***If** I **don't finish** my homework, I **will stay** home.*
  (Se non remato os deberes, ficarei na casa.)

- **Negativa**: pódese negar o verbo en presente, o verbo en futuro ou ambos os dous.

  ***If** you **don't come**, I **will be** sad.*
  (Se non vés, estarei triste.)

  ***If** you **come**, I **won't be** sad.*
  (Se vés, non estarei triste.)

  ***If** you **don't come**, I **won't be** sad.*
  (Se non vés, non estarei triste.)

- **Interrogativa**: ***Will*** + suxeito + predicado da oración principal + oración subordinada.

  ***Will** he **come** to the theatre **if** he **feels** better?*
  (Virá ao teatro se se sente mellor?)

- Respostas curtas: ponse o pronome persoal suxeito + ***will*** ou ***won't***.

  Will *you* ***go*** *to the park* ***if*** *it* ***is*** *sunny? Yes, I* ***will****. / No, I* ***won't****.* (Irás ao parque se vai sol? Irei. Si. / Non.)

Para expresarmos que algo ocorrerá ou non ocorrerá se non se cumpre a condición, a subordinada introdúcese pola conxunción ***unless***, que equivale a ***if not*** ("a non ser que", "a menos que", "se non").

Unless *he* ***finishes*** *this, he* ***will stay*** *in the office.*
(A non ser que remate / Se non remata isto, quedará na oficina.)

UNIT 6

CAN / CAN'T

Afirmativa	Negativa	Forma contraída
I can swim	I cannot swim	I can't swim
You can swim	You cannot swim	You can't swim
He can swim	He cannot swim	He can't swim
She can swim	She cannot swim	She can't swim
It can swim	It cannot swim	It can't swim
We can swim	We cannot swim	We can't swim
You can swim	You cannot swim	You can't swim
They can swim	They cannot swim	They can't swim

Interrogativa	Respostas curtas	
	Afirmativa	Negativa
Can I swim?	Yes, I can.	No, I can't.
Can you swim?	Yes, you can.	No, you can't.
Can he swim?	Yes, he can.	No, he can't.
Can she swim?	Yes, she can.	No, she can't.
Can it swim?	Yes, it can.	No, it can't.
Can we swim?	Yes, we can.	No, we can't.
Can you swim?	Yes, you can.	No, you can't.
Can they swim?	Yes, they can.	No, they can't.

Can expresa habilidade ou capacidade para facer algo (saber, ser quen de), posibilidade (poder) e tamén se emprega para solicitar permiso ou favores (poder).

- Afirmativa: suxeito + ***can*** + verbo na forma base.

  Lisa ***can swim*** *very well.* (Lisa sabe nadar moi ben.)

  They ***can go out*** *tonight.* (Poden saír esta noite.)

  You ***can take*** *my phone.* (Podes coller o meu teléfono.)
- Negativa: suxeito + ***cannot*** ou a forma contraída ***can't*** + verbo na forma base.

  I ***cannot play*** *the piano.* (Non son quen de tocar o piano.)
- Interrogativa: ***Can*** + suxeito + verbo na forma base.

  Can *they* ***come*** *with us?* (Poden vir connosco?)
- Respostas curtas: ponse o pronome persoal suxeito + ***can*** ou ***can't***.

  Can *you* ***play*** *tennis? Yes, we* ***can****. / No, we* ***can't****.* (Sabedes xogar ao tenis? Sabemos. Si. / Non.)

COULD / COULDN'T

Afirmativa	Negativa	Forma contraída
I could sing	I could not sing	I couldn't sing
You could sing	You could not sing	You couldn't sing
He could sing	He could not sing	He couldn't sing
She could sing	She could not sing	She couldn't sing
It could sing	It could not sing	It couldn't sing
We could sing	We could not sing	We couldn't sing
You could sing	You could not sing	You couldn't sing
They could sing	They could not sing	They couldn't sing

Interrogativa	Respostas curtas	
	Afirmativa	Negativa
Could I sing?	Yes, I could.	No, I couldn't.
Could you sing?	Yes, you could.	No, you couldn't.
Could he sing?	Yes, he could.	No, he couldn't.
Could she sing?	Yes, she could.	No, she couldn't.
Could it sing?	Yes, it could.	No, it couldn't.
Could we sing?	Yes, we could.	No, we couldn't.
Could you sing?	Yes, you could.	No, you couldn't.
Could they sing?	Yes, they could.	No, they couldn't.

Could expresa habilidade e posibilidade no pasado e tamén se pode empregar para solicitar permiso ou favores de xeito máis educado ca con ***can***.

- Afirmativa: suxeito + ***could*** + verbo na forma base.

  Robert ***could talk*** *when he was one year old.*
  (Robert sabía falar cando tiña un ano.)

  They ***could finish*** *their homework on time.*
  (Puideron rematar os deberes a tempo.)
- Negativa: suxeito + ***could not*** ou a forma contraída ***couldn't*** + verbo na forma base.

  They ***couldn't come*** *to my party last year.*
  (Non puideron vir á miña festa o ano pasado.)
- Interrogativa: ***Could*** + suxeito + verbo na forma base.

  Could *you* ***take*** *me home?* (Poderiades levarme á casa?)
- Respostas curtas: ponse o pronome persoal suxeito + ***could*** ou ***couldn't***.

  Could *you* ***do*** *the exam? Yes, we* ***could****. / No, we* ***couldn't****.* (Puidestes facer o exame? Puidemos. Si. / Non.)

SHOULD / SHOULDN'T

Afirmativa	Negativa
I **should use**	I **shouldn't use**
You **should use**	You **shouldn't use**
He **should use**	He **shouldn't use**
She **should use**	She **shouldn't use**
It **should use**	It **shouldn't use**
We **should use**	We **shouldn't use**
You **should use**	You **shouldn't use**
They **should use**	They **shouldn't use**

Interrogativa	Respostas curtas	
	Afirmativa	Negativa
Should I **use**?	Yes, I **should**.	No, I **shouldn't**.
Should you **use**?	Yes, you **should**.	No, you **shouldn't**.
Should he **use**?	Yes, he **should**.	No, he **shouldn't**.
Should she **use**?	Yes, she **should**.	No, she **shouldn't**.
Should it **use**?	Yes, it **should**.	No, it **shouldn't**.
Should we **use**?	Yes, we **should**.	No, we **shouldn't**.
Should you **use**?	Yes, you **should**.	No, you **shouldn't**.
Should they **use**?	Yes, they **should**.	No, they **shouldn't**.

Should emprégase para dar consellos e para dicir o que se debería ou non facer.

- Afirmativa: suxeito + ***should*** + verbo na forma base.

  *You **should call** your parents.*
  (Deberías chamar os teus pais.)

- Negativa: suxeito + ***should not*** ou ***shouldn't*** (a máis empregada é a segunda) + verbo na forma base.

  *They **shouldn't send** so many text messages.*
  (Non deberían enviar tantas mensaxes de texto.)

- Interrogativa: ***Should*** + suxeito + verbo na forma base.

  ***Should** I **buy** a new mobile phone?*
  (Debería mercar un teléfono móbil novo?)

- Respostas curtas: ponse o pronome persoal suxeito + ***should*** ou ***shouldn't***.

  ***Should** we **leave** at six o'clock? Yes, we **should**. / No, we **shouldn't**.* (Deberiamos marchar ás seis en punto? Deberiamos. Si. / Non.)

MUST / MUSTN'T

Afirmativa	Negativa
I **must tell**	I **mustn't tell**
You **must tell**	You **mustn't tell**
He **must tell**	He **mustn't tell**
She **must tell**	She **mustn't tell**
It **must tell**	It **mustn't tell**
We **must tell**	We **mustn't tell**
You **must tell**	You **mustn't tell**
They **must tell**	They **mustn't tell**

- Afirmativa: suxeito + ***must*** + verbo na forma base. Expresa a obriga e a necesidade ou conveniencia de facer algo, e significa "deber".

  *You **must turn off** your phones.*
  (Debedes apagar os teléfonos.)

- Negativa: suxeito + ***must not*** ou ***mustn't*** (a máis habitual é a segunda) + verbo na forma base. Expresa prohibición, que algo non está permitido, e tamén que algo non se debe facer porque non é conveniente ou correcto facelo.

  *They **mustn't use** their laptops here.* (Non deben empregar os seus portátiles aquí.) [Está prohibido]

  *She **mustn't lie** to her parents.*
  (Non debe mentir a seus pais.) [non é correcto]

- Interrogativa: ***Must*** + suxeito + verbo na forma base. Neste caso, ***must*** expresa obriga ou necesidade, aínda que este verbo modal non se adoita empregar na forma interrogativa.

  ***Must** we **tell** Sally about the party?*
  (Debemos dicirlle a Sally o da festa?)

- Respostas curtas: ponse o pronome persoal suxeito + ***must*** ou ***mustn't***.

  ***Must** I **invite** Ben? Yes, you **must**. / No, you **mustn't**.*
  (Debo convidar a Ben? Debes. Si. / Non.)

HAVE TO / DON'T HAVE TO

Afirmativa	Negativa
I **have to go**	I **don't have to go**
You **have to go**	You **don't have to go**
He **has to go**	He **doesn't have to go**
She **has to go**	She **doesn't have to go**
It **has to go**	It **doesn't have to go**
We **have to go**	We **don't have to go**
You **have to go**	You **don't have to go**
They **have to go**	They **don't have to go**

Interrogativa	Respostas curtas	
	Afirmativa	Negativa
Do I **have to go**?	Yes, I **do**.	No, I **don't**.
Do you **have to go**?	Yes, you **do**.	No, you **don't**.
Does he **have to go**?	Yes, he **does**.	No, he **doesn't**.
Does she **have to go**?	Yes, she **does**.	No, she **doesn't**.
Does it **have to go**?	Yes, it **does**.	No, it **doesn't**.
Do we **have to go**?	Yes, we **do**.	No, we **don't**.
Do you **have to go**?	Yes, you **do**.	No, you **don't**.
Do they **have to go**?	Yes, they **do**.	No, they **don't**.

- Afirmativa: suxeito + ***have*** / ***has to*** + verbo na forma base. Significa "ter que" e expresa, como ***must***, a obriga ou necesidade de facer algo. A diferenza é que ***have to*** si se conxuga e, por iso, emprégase nos tempos que ***must*** non ten.

*We **have to send** her an e-mail right now.*
(Temos que lle enviar un correo electrónico agora mesmo.)

- Negativa: suxeito + ***don't** / **doesn't have to*** + verbo na forma base. Significa "non ter que / por que".

  *He **doesn't have to buy** her a present.*
  (Non tes que / por que comprarlle un agasallo.)

- Interrogativa: ***Do** / **Does*** + suxeito + ***have to*** + verbo na forma base.

  ***Do** you **have to do** any homework this afternoon?*
  (Tes que facer deberes esta tarde?)

- Respostas curtas: ponse o pronome persoal suxeito + ***do** / **does*** ou ***don't** / **doesn't***.

  ***Does** she **have to take care of** Paul? Yes, she **does**. / No, she **doesn't**.* (Ten que coidar a Paul? Ten. Si. / Non.)

- Aínda que o uso de ***have to*** e ***must*** é semellante, ***must*** adoitan empregalo as persoas que teñen autoridade (profesores, pais, médicos, etc.), mentres que ***have to*** o emprega todo o mundo.

  *You **must be** on time for the exam.*
  (Debedes chegar a tempo ao exame.)

  *I **have to do** many exercises.*
  (Teño que facer moitos exercicios.)

UNIT 7

A VOZ PASIVA EN PRESENTE E PASADO

Presente	am / is / are	+ o participio do verbo principal
Pasado	was / were	

- Afirmativa: suxeito + ***to be*** como auxiliar no tempo correspondente + o participio do verbo principal.

  *Sarah's novel **is written** in French.*
  (A novela de Sarah está escrita en francés.)

  *Witches **were thrown** into the Thames a long time ago.*
  (Ás bruxas guindábanas ao Támesis hai moito tempo.)

  Se se quere amentar quen realiza ou realizou a acción, ponse ao final da frase precedido de ***by***.

  *This bridge **was built by** the Romans.*
  (Esta ponte foi construída polos romanos.)

  En inglés úsase moito a pasiva, mais adoita traducirse o verbo na forma impersoal ou na voz activa.

  *This tower **is used** as a museum.*
  (Esta torre utilízase como museo.)

- Negativa: suxeito + ***to be*** como auxiliar no tempo correspondente + ***not*** ou ***n't*** + o participio do verbo principal.

  *Cars **aren't designed** to transport big boxes.* (Os coches non están deseñados para transportar caixas grandes.)
  *Those caves **weren't discovered** until 1920.*
  (Estas covas non se descubriron até 1920.)

- Interrogativa: ***to be*** como auxiliar no tempo correspondente + suxeito + participio do verbo principal. Nas **respostas curtas** curtas emprégase o pronome persoal suxeito + ***to be*** como auxiliar no tempo correspondente, sen contraer en afirmativa ou contraído coa partícula ***not*** en negativa.

  ***Were** those books **sold** in this bookshop? Yes, they **were**. / No, they **weren't**.* (Estes libros vendéronse nesta libraría? Vendéronse. Si. / Non.)

  En preguntas con partícula interrogativa tamén se invirte a orde de ***to be*** e o suxeito, agás se a partícula fai de suxeito pois nese caso non cambia a orde.

  ***When was** the project **developed**?*
  (Cando se elaborou o proxecto?)

  ***What is said** in this article?*
  (Que se di neste artigo?)

  Cando o verbo principal da oración rexe unha preposición, esta ponse sempre ao final da pregunta.

  ***What is** Loch Ness **known for**?*
  (Por que é coñecido o Lago Ness?)

Os usos da voz pasiva

Salientarmos a acción e non o suxeito que a realiza	*This picture **was taken** in Italy.* (Esta foto fíxose en Italia.)
Cando o suxeito que realiza a acción é obvio, descoñecido ou non se quere nomear	*New museums **are opened** every year.* (Ábrense novos museos cada ano.)

Como pasar unha oración activa a pasiva

Ponse ***to be*** no mesmo tempo que tiña o verbo principal en activa, e este verbo en participio.
Activa: *They **opened** a shop a few days ago.*
Pasiva: *A shop **was opened** a few days ago.*

Ponse como suxeito o primeiro complemento que haxa detrás do verbo na voz activa, sexa o directo ou o indirecto.
Activa: *They **invented sunglasses** to protect our eyes.*
Pasiva: ***Sunglasses were invented** to protect our eyes.*
Se o complemento é un pronome persoal, cámbiase pola súa correspondente forma de suxeito.
Activa: *Paul **told me** all his plans.*
Pasiva: ***I was told** all his plans.*

Pásase o suxeito da oración activa ao final da oración pasiva precedido de ***by***.
Activa: *Many people **visit** London every year.*
Pasiva: *London **is visited** every year **by** many people.*
Se o suxeito é un pronome persoal, cámbiase polo pronome obxecto correspondente.
Activa: ***He found** the wallet.*
Pasiva: *The wallet **was found by him**.*

- As **expresións temporais** que se empregan na voz pasiva son as mesmas que na activa. Polo tanto, se o verbo está en presente: ***every day** / **week** / **year**, **once** / **twice a year**, **on*** + día da semana en plural, ou adverbios como ***usually**, **sometimes***, etc. Se o verbo está en pasado: ***last night / week**, **at*** + unha hora, ***on*** + un día / data, ***in*** + un ano, ***in the past**, **yesterday***, etc.

UNIT 8

OS ADVERBIOS DE MODO

- Os adverbios de modo describen a forma en que se realiza a acción. Con eles respóndese ás preguntas que comezan con ***How ... ?*** (Como...?).
- Os máis deles fórmanse engadindo a terminación ***-ly*** ao adxectivo correspondente.

  *They run **slowly**.* (Corren moi amodo.)
- Se o adxectivo remata en **consoante** + ***y***, cambiamos o ***y*** por un ***i*** e logo engádese ***-ly***.

  *It all ended **happily**.* (Todo rematou felizmente.)
- Algúns son irregulares e, ou ben non se asemellan nada ao seu adxectivo, ou ben son iguais.

  *She sings very **well**.* (Ela canta moi ben.)

  *He studied **hard**.* (El estudou moito.)

O comparativo dos adverbios

- Serve para comparar dúas accións e fórmase así: ***more*** / ***less*** + adverbio + ***than***.

  *You listened to it **more carefully than** I did.*
  (Escoitáchelo con máis atención ca min.)
- Con ***as*** + adverbio + ***as*** indícase que dúas accións se realizan do mesmo xeito.

  *We ran **as fast as** you.* (Corremos tan á présa coma ti.)

Os adverbios irregulares

Ao non seguiren regra ningunha, cómpre aprender de memoria estes adverbios e a súa forma comparativa.

Adxectivo	Adverbio	Forma comparativa
fast (rápido/a)	**fast** (á présa, rapidamente)	faster than
hard (duro)	**hard** (arreo)	harder than
high (alto/a)	**high** (alto)	higher than
far (lonxano)	**far** (lonxe)	farther / further than
good (bo/boa)	**well** (ben)	better than
bad (malo/a)	**badly** (mal)	worse than

*My horse ran **farther than** yours.*
(O meu cabalo correu máis lonxe que o teu.)

*Sam speaks French **worse than** my brother.*
(Sam fala francés peor que o meu irmán.)

SUBJECT / OBJECT QUESTIONS

- Os pronomes interrogativos ***who***, ***what*** e ***which*** empréganse para pedir información sobre o suxeito o sobre o obxecto directo.
  - Se fan de suxeito, a orde das palabras na pregunta é igual que o dunha frase afirmativa.

    ***What makes** you feel happy?*
    (Que che fai sentir feliz?)
  - Se fan de obxecto, a orde das palabras é igual que o dunha frase interrogativa.

    ***Which is** your favourite sport?*
    (Cal é o teu deporte preferido?)
  - Cando o verbo rexe unha preposición, esta ponse ao final da pregunta.

    ***Who did** you **play** baseball **with**?*
    (Con quen xogaches ao béisbol?)
- Con ***where***, ***when*** e ***why*** nunca se pregunta polo suxeito, senón polo obxecto circunstancial (lugar, tempo ou causa), de xeito que sempre hai que inverter a orde suxeito-verbo ou empregar ***do***, ***does*** ou ***did***.

  ***Why is** Beth **crying**?* (Por que está a chorar Beth?)

  ***Where does** she **have** lunch?* (Onde come ela?)

UNIT 9

REPASO

Present Simple (véxase a páx. 8)	
Usos	Verdades xerais e descricións.
	Feitos habituais ou cotiáns.
	Gostos e opinións.
	Programas e horarios.
Expresións temporais: ***every day***, ***on Mondays***, etc. Adverbios de frecuencia: ***always***, ***usually***, ***often***, ***never***, etc.	

Present Continuous (véxase a páx. 9)	
Usos	Accións que están a ocorrer mentres se está a falar ou no período de tempo presente.
Expresións temporais: ***now***, ***these days, right now***, etc.	

Present Continuous **con valor de futuro** (véxase a páx. 9)	
Usos	Accións que ocorrerán no futuro próximo pois xa se fixaron de antemán.
Expresións temporais: ***soon***, ***later***, ***tonight***, ***next year***, etc.	

Past Simple (véxase a páx. 10)	
Usos	Expresarmos accións pasadas.
	Dicirmos o que se fixo nun momento concreto.
	Contarmos accións pasadas consecutivas.
	Contarmos como eran as cousas noutro tempo.
Expresións temporais: ***a week ago, last night***, ***yesterday***, etc.	

Past Continuous (véxase a páx. 10)	
Usos	Accións que estaban en progreso no pasado.
	Accións que eran simultáneas no pasado.
Expresións temporais: ***at half past two***, ***last night***, etc.	

Present Perfect Simple (véxase a páx. 11)	
Usos	Accións que comezaron no pasado e continúan.
	Accións pasadas que afectan ao presente.
	Accións ocorridas no pasado sen especificar cando ocorreron.
	Accións pasadas recentes.
Expresións temporais e adverbios: ***since***, ***for, never***, ***just***, etc.	

will (véxase a páx. 13)	
Usos	Anunciarmos accións ou feitos futuros.
	Predicirmos o que se cre que ocorrerá.
	Expresarmos decisións súbitas.

be going to (véxase a páx. 14)	
Usos	Expresarmos plans, intencións e decisións.
	Expresarmos o que vai ocorrer pois vense sinais diso.
Expresións temporais: ***later***, ***soon***, ***in the future***, etc.	

Primeiro condicional (véxase a páx. 14)	
Usos	Expresarmos o que ocorrerá se se cumpre a condición sinalada.
Condición: ***If*** / ***Unless*** + *Present Simple*	
Resultado: futuro con ***will***	

Os modais (véxanse as páxs. 15 e 16)	
Can / Can't	
Usos	Expresarmos habilidade ou capacidade (saber).
	Expresarmos posibilidade (poder).
	Pedirmos permiso ou un favor (poder).
Could / Couldn't	
Usos	Expresarmos habilidade ou capacidade no pasado.
	Expresarmos imposibilidade no pasado.
	Facermos unha petición de xeito educado.
Should / Shouldn't	
Usos	Darmos consellos.
	Dicirmos o que se debería ou non facer.
Must / Mustn't	
Usos	Obriga e necesidade ou conveniencia de algo.
	Prohibición, que algo non está permitido ou non se debe facer por non convir ou non ser acaído.
Have to / Don't have to	
Usos	Obriga ou necesidade de facer algo.
	Expresarmos que non é preciso facer algunha cousa.

A pasiva (véxase a páx. 17)	
Usos	Salientarmos a acción e non o suxeito que a realiza.
	Cando o suxeito que realiza a acción é obvio, descoñecido ou non se quere nomear.

Subject / Object Questions (véxase a páx. 18)
who / what / which
Empréganse para pedirmos información sobre o suxeito ou sobre o obxecto directo. - Se fan de **suxeito**, a orde das palabras na pregunta é igual que o dunha frase afirmativa. - Se fan de **obxecto**, a orde das palabras é igual que o dunha frase interrogativa.
where / when / why
Empréganse para pedirmos información sobre o complemento circunstancial (lugar, tempo ou causa), de xeito que se invirte a orde suxeito-verbo ou se emprega ***do***, ***does*** ou ***did***.

Cuantificadores e determinantes (véxanse as páxs. 9 e 10)
Substantivos contábeis en singular: ***a*** / ***an***
Substantivos contábeis en plural: ***some***, ***any***, ***a lot of***, ***many***
Substantivos non contábeis: ***some***, ***any***, ***a lot of***, ***much***

Os adxectivos (véxanse as páxs. 12 e 13)
Comparativo
- De **superioridade**: ***-er*** / ***more ... than*** - "máis ... que / ca". - De **inferioridade**: ***less ... than*** - "menos ... que / ca". - De **igualdade**: (***not***) ***as ... as*** - "(non) tan ... como/a".
Superlativo
- De **superioridade**: ***the -est*** / ***most ...*** - "o / a máis...". - De **inferioridade**: ***the least ...*** - "o / a menos...".
too ... - "de máis, demasiado...".
(not) ... enough - "(non) (o) bastante / abondo / suficientemente".

Os adverbios de modo (véxase a páx. 18)
Describen a forma en que se realiza a acción e con eles respóndese a ***How ... ?*** (Como...?).
Comparativo
Serve para comparar dúas accións: - ***more*** / ***less*** + adverbio + ***than*** - ***as*** + adverbio + ***as***

Irregular Verb List

BASE FORM (V1)	PAST SIMPLE (V2)	PAST PARTICIPLE (V3)	GALEGO
be /biː/	was/were /wɒz/wɜː/	been /biːn/	ser, estar
beat /biːt/	beat /biːt/	beaten /'biːtn/	golpear, bater
become /bɪ'kʌm/	became /bɪ'keɪm/	become /bɪ'kʌm/	chegar a ser, converterse
begin /bɪ'gɪn/	began /bɪ'gæn/	begun /bɪ'gʌn/	comezar
bend /bend/	bent /bent/	bent /bent/	dobrar(se)
bet /bet/	bet /bet/	bet /bet/	apostar
bite /baɪt/	bit /bɪt/	bitten /'bɪtn/	trabar
bleed /bliːd/	bled /bled/	bled /bled/	sangrar
blow /bləʊ/	blew /bluː/	blown /bləʊn/	soprar
break /breɪk/	broke /brəʊk/	broken /'brəʊkən/	crebar, romper
bring /brɪŋ/	brought /brɔːt/	brought /brɔːt/	traer
build /bɪld/	built /bɪlt/	built /bɪlt/	construír
burn /bɜːn/	burnt/burned /bɜːnt/bɜːnd/	burnt/burned /bɜːnt/bɜːnd/	queimar
buy /baɪ/	bought /bɔːt/	bought /bɔːt/	mercar
catch /kætʃ/	caught /kɔːt/	caught /kɔːt/	coller, agarrar
choose /tʃuːz/	chose /tʃəʊz/	chosen /'tʃəʊzn/	elixir
come /kʌm/	came /keɪm/	come /kʌm/	vir
cost /kɒst/	cost /kɒst/	cost /kɒst/	custar
cut /kʌt/	cut /kʌt/	cut /kʌt/	cortar
dig /dɪg/	dug /dʌg/	dug /dʌg/	cavar
do /duː/	did /dɪd/	done /dʌn/	facer
draw /drɔː/	drew /druː/	drawn /drɔːn/	debuxar
dream /driːm/	dreamt/dreamed /dremt/driːmd/	dreamt/dreamed /dremt/driːmd/	soñar
drink /drɪŋk/	drank /dræŋk/	drunk /drʌŋk/	beber
drive /draɪv/	drove /drəʊv/	driven /'drɪvn/	conducir
eat /iːt/	ate /eɪt/	eaten /iːtn/	comer
fall /fɔːl/	fell /fel/	fallen /'fɔːlən/	caer
feed /fiːd/	fed /fed/	fed /fed/	alimentar
feel /fiːl/	felt /felt/	felt /felt/	sentir(se)
fight /faɪt/	fought /fɔːt/	fought /fɔːt/	loitar, pelexar
find /faɪnd/	found /faʊnd/	found /faʊnd/	atopar
fly /flaɪ/	flew /fluː/	flown /fləʊn/	voar
forget /fə'get/	forgot /fə'gɒt/	forgotten /fə'gɒtn/	esquecer
forgive /fə'gɪv/	forgave /fə'geɪv/	forgiven /fə'gɪvn/	perdoar
freeze /friːz/	froze /frəʊz/	frozen /'frəʊzn/	conxelar(se)
get /get/	got /gɒt/	got /gɒt/	conseguir, acadar; chegar
give /gɪv/	gave /geɪv/	given /gɪvn/	dar
go /gəʊ/	went /went/	gone /gɒn/	ir
grow /grəʊ/	grew /gruː/	grown /grəʊn/	crecer, medrar; cultivar
hang /hæŋ/	hanged/hung /hæŋd/hʌŋ/	hanged/hung /hæŋd/hʌŋ/	pendurar
have /hæv/	had /hæd/	had /hæd/	ter; haber
hear /hɪə/	heard /hɜːd/	heard /hɜːd/	oír, ouvir
hide /haɪd/	hid /hɪd/	hidden /'hɪdn/	agochar
hit /hɪt/	hit /hɪt/	hit /hɪt/	golpear, bater, pegar
hold /həʊld/	held /held/	held /held/	suxeitar, termar de
hurt /hɜːt/	hurt /hɜːt/	hurt /hɜːt/	ferir, mancar; doer
keep /kiːp/	kept /kept/	kept /kept/	gardar, manter
know /nəʊ/	knew /njuː/	known /nəʊn/	saber, coñecer
lay /leɪ/	laid /leɪd/	laid /leɪd/	poñer, pór; estender
lead /liːd/	led /led/	led /led/	guiar, conducir

BASE FORM (V1)	PAST SIMPLE (V2)	PAST PARTICIPLE (V3)	GALEGO
learn /lɜːn/	learnt/learned /lɜːnt/lɜːnd/	learnt/learned /lɜːnt/lɜːnd/	aprender
leave /liːv/	left /left/	left /left/	deixar; marchar, irse, saír
lend /lend/	lent /lent/	lent /lent/	emprestar
let /let/	let /let/	let /let/	permitir, deixar
lie /laɪ/	lay /leɪ/	lain /leɪn/	tombarse, deitarse
lie /laɪ/ (regular verb)	lied /laɪd/	lied /laɪd/	mentir
light /laɪt/	lit /lɪt/	lit /lɪt/	acender, prender
lose /luːz/	lost /lɒst/	lost /lɒst/	perder
make /meɪk/	made /meɪd/	made /meɪd/	facer, fabricar
mean /miːn/	meant /ment/	meant /ment/	significar, querer dicir
meet /miːt/	met /met/	met /met/	coñecer a; xuntarse / quedar con
pay /peɪ/	paid /peɪd/	paid /peɪd/	pagar
put /pʊt/	put /pʊt/	put /pʊt/	poñer, pór
read /riːd/	read /red/	read /red/	ler
ride /raɪd/	rode /rəʊd/	ridden /'rɪdn/	montar
ring /rɪŋ/	rang /ræŋ/	rung /rʌŋ/	chamar, telefonar
rise /raɪz/	rose /rəʊz/	risen /'rɪzn/	elevarse, erguerse
run /rʌn/	ran /ræn/	run /rʌn/	correr
say /seɪ/	said /sed/	said /sed/	dicir
see /siː/	saw /sɔː/	seen /siːn/	ver
sell /sel/	sold /səʊld/	sold /səʊld/	vender
send /send/	sent /sent/	sent /sent/	enviar
set /set/	set /set/	set /set/	colocar
shake /ʃeɪk/	shook /ʃʊk/	shaken /'ʃeɪkən/	axitar
shine /ʃaɪn/	shone /ʃɒn/	shone /ʃɒn/	brillar, escintilar
shoot /ʃuːt/	shot /ʃɒt/	shot /ʃɒt/	disparar
show /ʃəʊ/	showed /ʃəʊd/	shown /ʃəʊn/	amosar, ensinar
shut /ʃʌt/	shut /ʃʌt/	shut /ʃʌt/	pechar
sing /sɪŋ/	sang /sæŋ/	sung /sʌŋ/	cantar
sink /sɪŋk/	sank /sæŋk/	sunk /sʌŋk/	afundir
sit /sɪt/	sat /sæt/	sat /sæt/	sentar
sleep /sliːp/	slept /slept/	slept /slept/	durmir
smell /smel/	smelt/smelled /smelt/smeld/	smelt/smelled /smelt/smeld/	ulir, cheirar
speak /spiːk/	spoke /spəʊk/	spoken /spəʊkən/	falar
spell /spel/	spelt/spelled /spelt/speld/	spelt/spelled /spelt/speld/	soletrear
spend /spend/	spent /spent/	spent /spent/	gastar; pasar (tempo)
stand /stænd/	stood /stʊd/	stood /stʊd/	estar a pé
steal /stiːl/	stole /stəʊl/	stolen /'stəʊlən/	roubar
stick /stɪk/	stuck /stʌk/	stuck /stʌk/	pegar
sweep /swiːp/	swept /swept/	swept /swept/	varrer
swim /swɪm/	swam /swæm/	swum /swʌm/	nadar
take /teɪk/	took /tʊk/	taken /'teɪkən/	coller; levar
teach /tiːtʃ/	taught /tɔːt/	taught /tɔːt/	ensinar
tear /teə/	tore /tɔː/	torn /tɔːn/	rachar, esgazar
tell /tel/	told /təʊld/	told /təʊld/	dicir, contar
think /θɪŋk/	thought /θɔːt/	thought /θɔːt/	coidar, pensar
throw /θrəʊ/	threw /θruː/	thrown /θrəʊn/	tirar; guindar, lanzar
understand /ʌnde'stænd/	understood /ʌnde'stʊd/	understood /ʌnde'stʊd/	comprender, entender
wake up /weɪk 'ʌp/	woke up /wəʊk 'ʌp/	woken up /wəʊkən 'ʌp/	espertar
wear /weə/	wore /wɔː/	worn /wɔːn/	levar posto, vestir
win /wɪn/	won /wʌn/	won /wʌn/	gañar
write /raɪt/	wrote /rəʊt/	written /'rɪtn/	escribir

Writing Guide

ANTES DE ESCRIBIRMOS >> Brainstorming

- Fai unha listaxe de ideas ou un mapa de preguntas relacionadas co tema (***who?***, ***what?***, ***when?***, ***where?***, ***why?***).
- Leas e risca as que cres que son pouco importantes.
- Pon as que queden na orde en que queiras presentalas.

A ESTRUTURA DO TEXTO >> Paragraph structure

Un texto divídese en tres partes:

- O **limiar** ou primeira oración (***opening sentence***), que presenta o tema.
- O **desenvolvemento** ou corpo do texto (***body of paragraph***), que amplía a idea principal con información importante.
- A **conclusión** ou derradeira oración (***closing sentence***), que resume o tema e repite a idea principal con outras palabras.

Last week, our school organised a Clean Up Our Town day. Students cleaned up five neighbourhoods and three parks. There was a lot of rubbish, so we worked very hard. Next month, we are going to clean up the other neighbourhoods. The town already looks better and we hope the people will keep it clean.

opening sentence

body of paragraph

closing sentence

REPASA O ESCRITO >> Checking your work

A PUNTUACIÓN
(Punctuation)

- O punto (.) vai ao final das oracións afirmativas e negativas.
  I never eat junk food.
- A vírgula (,) emprégase para separarmos palabras ou ideas. Polo xeral non se pon diante de ***and***.
  I'm buying some popcorn, crisps, nuts and biscuits.
- O sinal de interrogación (?) ponse ao final das preguntas.
  Do you have muesli for breakfast?
- O sinal de exclamación (!) ponse ao final da frase para expresarmos unha emoción ou un sentimento e para facer fincapé en algo.
  Wow! There are a lot of snacks!

AS MAIÚSCULAS
(Capital letters)

Escríbense con maiúscula:

- os nomes e títulos de persoas: *Michael Kors*, *Mr Rose*, *Dr Brent*
- os nomes de lugares como cidades, países, continentes, edificios de sona, museos, etc.: *London*, *Peru*, *Asia*, *Tower Bridge*, *the Louvre*
- as nacionalidades: *Irish*, *German*, *British*
- os días: *Sunday*, *Tuesday*, *Thursday*
- os meses: *January*, *March*, *July*
- a primeira palabra dunha oración: *This is a good restaurant.*
- o pronome persoal ***I***: *I like Italian food.*
- os idiomas: *French*, *Swedish*, *Chinese*
- as palabras importantes dos títulos de libros e películas, cancións, festividades e xogos de ordenador:
  Alice in Wonderland
  This is the Life
  Easter, Christmas
  Sim City

AS PREPOSICIÓNS DE TEMPO
(Prepositions of Time)

Empréganse distintas preposicións diante das horas e os períodos de festa, os días e as datas, os meses, os anos e as partes do día. É moi importante que saibas empregar a correcta en cada caso. Préstalle atención a estes exemplos:

• **at**	horas:	*at four o'clock*
	festividades:	*at Christmas*
• **on**	días da semana:	*on Monday*
	datas:	*on 15th August*
		on Christmas Day
• **in**	meses:	*in September*
	estacións:	*in summer*
	anos:	*in 2012*
	partes do día:	*in the morning*
Agás:		*at the weekend*
		at night

A ORDE DAS PALABRAS: SUXEITO - VERBO
(Word order: Subject – Verb)

O suxeito da oración ponse diante do verbo.

The sausages are spicy.
s v

Mais nas preguntas vai detrás do verbo.

Are the sausages spicy?
v s

A ORDE DAS PALABRAS: AS EXPRESIÓNS TEMPORAIS
(Word order: Time Expressions)

As expresións temporais poden ir ao comezo ou ao final da frase, malia que é máis común poñelas ao final.

Tom Hanks started acting in the 1980s.
expr. temp.

De iren ao comezo, sepáranse da oración cunha vírgula.

In the 1980s, Tom Hanks started acting.
expr. temp.

A ORDE DAS PALABRAS: OS ADXECTIVOS
(Word order: Adjectives)

- Polo xeral van diante dos substantivos.
  the beautiful dress
  adx + sb

  Tamén detrás do verbo ***to be***.
  The necklace is expensive.
  v + adx

  E detrás dos verbos estáticos.
  It looks nice.
  v + adx
- Se hai varios adxectivos, adoitan ir nesta orde: opinión, tamaño, cor
  She's got a beautiful, tiny black kitten.
  o t c

A ORDE DAS PALABRAS: OS ADVERBIOS
(Word order: Adverbs)

- Os adverbios de intensidade e de modo van detrás do verbo.
  You sing quite nicely.
  adverb of degree adverb of manner
- Os adverbios de frecuencia van diante do verbo nas oracións afirmativas.
  He always acts in comedies.
  adv + v

  Mais se o verbo é ***to be***, o adverbio vai detrás.
  Celebrities are usually very rich.
  v + adv

OS ADXECTIVOS POSESIVOS E OS PRONOMES
(Referencing)

Serven para facer referencia aos substantivos amentados anteriormente e non repetilos.

My house *is in a nice neighbourhood.* ***It*** *is near the square.*
Ben and I *are going to the playground. Do you want to come with* ***us****?*
Jade's *keys are under the desk. These are* ***her*** *keys.*

AS CONXUNCIÓNS
(Linking words and Connectors of Cause and Effect)

Son palabras que unen dúas ou máis ideas. As maís comúns son:

- Copulativas: ***and***.
  The blanket is black ***and*** the pillows are pink.
- Adversativas: ***but***.
  I like the pillows, ***but*** I don't like the blanket.
- Causais: ***because***, ***because of*** e ***since***.
  I couldn't call ***because*** *my phone wasn't working.*
  We stayed home ***because of*** *the rain.*
  I don't use my laptop a lot ***since*** *it's very old.*
- Consecutivas: ***so*** e ***therefore***.
  Your phone was ringing, ***so*** *I turned it off.*
  I forgot my phone, ***therefore*** *I didn't get your message.*

OS CONECTORES DE SECUENCIA
(Connectors of Sequence)

Os conectores de secuencia amosan a orde en que ocorreron as cousas. Os máis empregados son: ***first***, ***first of all***, ***before***, ***after***, ***after that***, ***then***, ***next***, ***later***, ***by the time***, ***eventually***, ***finally***, ***in the end*** e ***at last***.

First of all*, we couldn't have a shower because there was no hot water.* ***By the time*** *we were ready, it was too late to eat.* ***Eventually****, we took the train to town.* ***At last****, we got to the park but it was very late.* ***In the end****, we only had time for a quick game.*

A ESCOLLA DAS PALABRAS
(Word Choice)

Engade adxectivos ou adverbios e emprega sinónimos para mellorar a túa redacción e facela máis interesante.

The ***amazing*** *athlete won the race* ***easily****.*

Language Builder

unit 1 (Page 7)

Write the Dialogue

3. Dan is at a café. Write the dialogue between Dan and the waiter.

1. O camareiro pregúntalle a Dan que quere.
   Waiter: .....
2. Dan dille ao camareiro que quere pedir unha hamburguesa.
   Dan: .....
3. O camareiro pregúntalle se quere algo para beber.
   Waiter: .....
4. Dan dille que quere zume de laranxa.
   Dan: .....
5. Dan pregúntalle ao camareiro canto custa.
   Dan: .....
6. O camareiro dille a Dan que custa oito euros.
   Waiter: .....

unit 2 (Page 9)

Write the Dialogue

3. Brian's mum is asking Brian about his activities. Write the dialogue between them.

1. A nai de Brian pregúntalle onde estivo.
   Mum: .....
2. Brian dille que estiveron na casa de Mark.
   Brian: .....
3. A súa nai pregúntalle que fixo alí.
   Mum: .....
4. Brian dille que fixeron unha escultura con lixo.
   Brian: .....
5. Ela pregúntalle a Brian por que o fixeron.
   Mum: .....
6. Brian dille que o fixeron para un traballo de clase.
   Brian: .....

unit 3 (Page 11)

Write the Dialogue

3. Sarah is asking Lucy about an unusual experience. Write the dialogue between them.

1. Sarah pregúntalle a Lucy se algunha vez rompeu a perna.
   Sarah: .....
2. Lucy dille que si.
   Lucy: .....
3. Sarah pregúntalle que ocorreu.
   Sarah: .....
4. Lucy dille que baixaba esquiando por unha montaña cando caeu.
   Lucy: .....
5. Sarah pregúntalle cando ocorreu.
   Sarah: .....
6. Lucy dille que ocorreu hai dous anos.
   Lucy: .....

unit 4 (Page 13)

Write the Dialogue

3. Emma is asking Jade what she should wear. Write the dialogue between them.

1. Emma pregúntalle a Jade que debería poñer para ir á discoteca.
   Emma: .....
2. Jade dille que debería poñer a minisaia vermella.
   Jade: .....
3. Emma pregúntalle a Jade se pode poñela coa blusa rosa.
   Emma: .....
4. Jade di que esa é unha grande idea que está moi de moda.
   Jade: .....
5. Emma pregúntalle a Jade se cre que pode poñer as chanclas.
   Emma: .....
6. Jade di que cre que non, pois son demasiado informais.
   Jade: .....

unit 5 (Page 15)

Write the Dialogue

3. Mr Brown is asking his students about their plans for the future. Write the conversation between them.

1. O Sr. Brown pregúntalle a Lauren que fará cando remate o colexio.
   Mr Brown: .....
2. Lauren di que cre que estudará ciencias na universidade.
   Lauren: .....
3. O Sr. Brown pregúntalle a Dawn cales son os seus plans de futuro.
   Mr Brown: .....
4. Dawn di que, no futuro, se cadra abrirá un restaurante.
   Lauren: .....
5. O Sr. Brown pregúntalle a Bob cal é o seu soño.
   Mr Brown: .....
6. Bob di que o seu soño é ser xogador de fútbol profesional.
   Lauren: .....

unit 6 (Page 17)

Write the Dialogue

3. Scott is asking Paul about using a mobile phone on a trip. Write the dialogue between them.

1. Scott pregúntalle a Paul se debería levar o seu teléfono móbil á viaxe.
   Scott: .....
2. Paul dille que pode levalo, mais debe apagalo cando estean no avión.
   Paul: .....
3. Scott pregúntalle a Paul se pode deixar o seu teléfono aceso no aeroporto.
   Scott: .....
4. Paul di que pode usar o seu teléfono no aeroporto.
   Paul: .....
5. Scott pregúntalle a Paul se debería chamar a seus pais desde o aeroporto.
   Scott: .....
6. Paul di que ten que chamar a seus pais antes de que o avión saia.
   Paul: .....

unit 7 (Page 19)

Write the Dialogue

3. Chris is telling Jay about something his parents have just bought. Write the dialogue between them.

1. Jay pregúntalle a Chris que é.
   Jay: .....
2. Chris dille que é unha lavadora para gatos e cans.
   Chris: .....
3. Jay pregunta que pode facer.
   Jay: .....
4. Chris di que pode lavar e secar gatos e cans.
   Chris: .....
5. Jay pregunta canto custou.
   Jay: .....
6. Chris di que custou $25.000.
   Chris: .....

unit 8 (Page 21)

Write the Dialogue

3. Megan and Beth are at a sports shop. Write the dialogue between them.

1. Megan pregúntalle a Beth qué quere mercar.
   Megan: .....
2. Beth di que precisa un casco novo.
   Beth: .....
3. Megan suxire un rosa.
   Megan: .....
4. Beth di que é caro de máis.
   Beth: .....
5. Megan di que o negro non é tan caro coma o rosa.
   Megan: .....
6. Beth di que é bo abondo e que cre que o mercará.
   Beth: .....

unit 9 (Page 23)

Write the Dialogue

3. Lynn is telling Jim about her problem. Write the dialogue between them.

1. Lynn dille a Jim que está deprimida porque a súa mellor amiga está enfadada con ela.
   Lynn: .....
2. Jim di que para el que debería chamar á súa amiga.
   Jim: .....
3. Lynn di que a chamou, mais non lle contestou o teléfono.
   Lynn: .....
4. Jim pregúntalle por que non lle envía unha mensaxe de texto.
   Jim: .....
5. Lynn dille que lle enviou unha mensaxe de texto, mais non respondeu.
   Lynn: .....
6. Jim suxire que quizais ela pode ir á súa casa e levarlle algo de chocolate.
   Jim: .....

Check Your Progress

Translation Exercises

UNIT 1

1. Con que frecuencia comes comida lixo?
2. O leite de camelo non ten moita graxa.
3. Cantas calorías precisa un adolescente ao día?
4. Estamos a mercar algo lixeiro para comer.
5. Gostaríame pedir *muesli* con iogur.

UNIT 2

1. Comezamos a reciclar latas hai moito tempo.
2. A fábrica estaba a contaminar o río.
3. A choiva danou a nosa casa esta noite.
4. Que estaban a plantar cando os vimos?
5. Estaban a recoller botellas mentres chovía.

UNIT 3

1. Tim traballou de condutor de autobús ao longo de tres anos.
2. O perruqueiro vén de cortarme o pelo.
3. Ese produtor de cinema xa gañou un premio?
4. A miña mellor amiga nunca foi ao estranxeiro.
5. O sábado pasado fomos practicar o mergullo con tiburóns.

UNIT 4

1. Os meus zapatos de tacón son máis altos que os teus.
2. Esta blusa non é tan moderna coma a miña.
3. Esta minisaia é a máis bonita da tenda.
4. Os alumnos non poden levar chanclas porque son demasiado informais.
5. Este lapis de labios non é escuro abondo.

UNIT 5

1. No futuro, os robots limparán as casas dos barrios residenciais.
2. Barry vai traballar nunha oficina dun rañaceos.
3. Se Carmen fai un esforzo, obterá un título.
4. Vereite na pista de tenis á 1 agás se chove.
5. De gañarmos moitos cartos, abriremos un negocio.

UNIT 6

1. Deberías deixarlle unha mensaxe.
2. Non debedes empregar os vosos teléfonos móbiles aquí.
3. Non puiden responder á túa mensaxe de texto.
4. Non tes que erguerte cedo mañá.
5. Podes ver o calendario na pantalla?

UNIT 7

1. A miúdo constrúense hoteis pola costa.
2. Descubriuse unha cova o verán pasado.
3. Deseñáronse dúas pontes novas o ano pasado.
4. Que viños famosos se producen nesta zona?
5. Esta illa foi descuberta por un explorador español.

UNIT 8

1. Cómpreche forza e coordinación para patinar.
2. Os mellores corredores do mundo corren descalzos.
3. Estas luvas de béisbol quedan mellor ca esas.
4. O cerebro traballa máis arreo que o corazón?
5. Cantos cascos se venden aquí á semana?

UNIT 9

1. Jasmine estaban encantada cando seus pais lle deron unha festa sorpresa.
2. Estiven deprimido desde o ano pasado.
3. Non deberías aturar a un amigo coma el.
4. Estaba triste pois as súas amigas non a axudaron.
5. Teño envexa do meu irmán.

Cadros resumo das equivalencias dos tempos verbais entre o inglés e o galego

TEMPOS VERBAIS	TENSES	OUTRAS EQUIVALENCIAS
PRESENTE	**PRESENT SIMPLE**	
eu xogo ti xogas el, ela xoga nós xogamos vós xogades eles, elas xogan	I play you play he, she, it plays we play you play they play	
PERÍFRASE	**PRESENT CONTINUOUS**	**FUTURO: PERÍFRASE**
eu estou a xogar / xogando ti estás a xogar / xogando el, ela está a xogar / xogando nós estamos a xogar / xogando vós estades a xogar / xogando eles, elas están a xogar / xogando	I am playing you are playing he, she, it is playing we are playing you are playing they are playing	eu vou xogar ti vas xogar el, ela vai xogar nós imos xogar vós ides xogar eles, elas van xogar
	FUTURE: *BE GOING TO*	
	I am going to play you are going to play he, she, it is going to play we are going to play you are going to play they are going to play	
FUTURO	**FUTURE: *WILL***	
eu xogarei ti xogarás el, ela xogará nós xogaremos vós xogaredes eles, elas xogarán	I will play you will play he, she, it will play we will play you will play they will play	
PRETÉRITO IMPERFECTO	**PAST CONTINUOUS**	**PERÍFRASE**
eu xogaba ti xogabas el, ela xogaba nós xogabamos vós xogabades eles, elas xogaban	I was playing you were playing he, she, it was playing we were playing you were playing they were playing	eu estaba a xogar ti estabas a xogar el, ela estaba a xogar nós estabamos a xogar vós estabades a xogar eles, elas estaban a xogar
	PAST SIMPLE	
PRETÉRITO PERFECTO	I played you played he, she, it played we played you played they played	
eu xoguei ti xogaches el, ela xogou nós xogamos vós xogastes eles, elas xogaron	**PRESENT PERFECT**	**PERÍFRASE**
	I have played you have played he, she, it has played we have played you have played they have played	eu teño xogado ti tes xogado el, ela ten xogado nós temos xogado vós tedes xogado eles, elas teñen xogado